

## A cociña francesa triunfou no Instituto do Milladoiro

**A MAÍA** A dirección do Instituto do Milladoiro, con Víctor Santidrián á frente, e o departamento de Orientación informan do obradoiro titulado Alimentación e Nutrición que se está a desenvolver con éxito entre o alumnado de 2º da ESO, en colaboración co Concello e o Centro de Saúde, nestas semanas nas horas de tutoría. E, entre as degustacións ofertadas, destacaron as da cociña.

francesa, que incluiron petiscos e racionés no centro. Segundo os seus impulsores, o obxectivo "é reflexionar sobre a alimentación e nutrición para construir criterio saudable respecto aos hábitos alimentarios e detectar situacións de risco de cara á prevención", súlian. Participan a coordinadora do Centro de Saúde do Milladoiro, unha psicóloga de ABAGAL e a nutricionista municipal. M.M.



Alumnos e docentes do Milladoiro durante o obradoiro de alimentación. Foto: IES

## A fruticultura vai chegar ata a aula da natureza local

**AMES** Comeza a primeira actividade das sete programadas pola concellaría de Medio Ambiente para os meses de primavera. Trátase dun curso de fruticultura que se impartirá os sábados 23 e 30 de abril e 7 de maio, nas instalacións da aula da natureza, e para o que ainda quedan prazas. Máis datos no móbil 660 004 665 ou no email en [auladanatureza@concellodeames.gal](mailto:auladanatureza@concellodeames.gal). M.M.